

# De mulleres anónimas a protagonistas

María Núñez Iglesias

As mulleres pontevedresas están subindo chanzos na escaleira do protagonismo. De estar sumidas no esquecemento do seu traballo na historia, do seu labor tanto profesional como persoal en momentos de represión, estase pasando a recoñecer a súa valla, a que os seus actos sexan coñecidos e recoñecidos por unha sociedade que ata agora simplemente non as tiña en conta.

Son chanzos que se están subindo hoxe en día grazas á implicación de colectivos e tamén das institucións, neste caso do Concello de Pontevedra, que dende finais de 2013, leva traballando nun amplo programa que ten como finalidade construír a historia e a memoria das mulleres inxustamente esquecidas.

A asociación Cedofeita xa dedicaba a súa exposición do pasado ano no mosteiro do Lérez ás mulleres da parroquia. Mulleres na súa vida cotiá, que traballaban fóra, na casa, nas fincas, que ían no autobús ou andando ou que simplemente estaban de festa ou coa familia. Foi un recoñecemento a elas como colectivo nun acto que serviu para compartir lembranzas entre os veciños da zona. Moitos contribuíron a achegar fotografías, historias, textos, obxectos... todos eles relacionados con familiares, amigos ou persoeiros próximos que configuran o imaxinario colectivo de toda a parroquia. Alí descubríronse algunhas historias esquecidas, e foron bastantes as anécdotas sobre como se vivía a primeiros e mediados do século XX que volveron ao presente.

Ese traballo que Cedofeita realizou para a exposición a pequena escala estao a desenvolver con moita máis amplitude un equipo, un consello asesor do Concello, integrado por investigadoras, historiadoras, xornalistas, ensinantes

e mulleres doutros ámbitos, que ten como finalidade publicar unha enciclopedia cooperativa sobre a historia das mulleres en Pontevedra con biografías dos séculos XI ao XXI.

O obxectivo é obter un fondo documental municipal con textos, fotografías e materiais audiovisuais para crear un centro de documentación sobre a Memoria das Mulleres que poderá ser completado e consultado abertamente por toda a cidadanía.

Unha das colaboracións que máis se ansía é a dos centros escolares, para que os rapaces e mestres de Primaria (de terceiro ciclo) e Secundaria participen na recollida e elaboración de materiais relacionados coa memoria das mulleres na escola.

Pero non só se pretende implicar o ensino neste labor, tamén se pretende abrir oco de xeito transversal no espazo público, dando presenza ás mulleres no ruído pontevedrés mediante nomes de rúas, percorridos sinalizados, textos e outros elementos conmemorativos, así como exposicións como a que xa se realizou na Praza da Femenía titulada "Do gris ao violeta", na que se fixo un recoñecemento a un bo grupo de mulleres expoñendo as súas biografías.

Entre elas estaban figuras de todo o municipio, e houbo oco para unha lerezana de adopción que foi sobresáinte na súa contorna: a mestra María del Carmen del Valle del Río, máis coñecida como Carmiña.

## Adiantada ao seu tempo. Carmiña del Valle del Río

Carmiña, filla de militar, naceu en Cádiz en 1915, pero moi pequena quedou orfá e non tivo máis opción



María del Carmen del Valle del Río

que trasladarse ata Pontevedra, concretamente a Lérez, para vivir co seu tío materno, o crego da parroquia de San Salvador, Leandro del Río (que hoxe ten dedicada unha rúa no lugar).

O lugar dos seus xogos, da súa aprendizaxe e madurez estivo no propio convento co seu tío e dous fillos deste, realmente unha contorna diferente á habitual para unha nena. Cando xa se fixo adulta traballou como mestra particular para os pequenos dunha parroquia veciña, a de San Vicente de Cerponzóns, e as alumnas que a tiveron durante tempo ao seu carón lembran unha muller aganimosa que, ademais, mostraba a súa xenerosidade sen cobrar nin un peso polo seu traballo a aquelas familias máis pobres. Ela entendía que a educación estaba por riba dos cartos. Aínda hoxe son moitas as que non esquecen todas as tardes pasadas ao seu carón.

Tamén se di de Carmiña que era unha muller "excéntrica", que non gustaba dos homes, e que era unha "adiantada ao seu tempo". Chamaba a atención pola súa maneira de vestir, sempre con pantalóns axustados, chaquetas e botas altas militares como as que, de seguro, levaba o seu pai

nos cuarteis onde traballaba. Tamén levaba o cabelo moi curto, coma un home, e, ao parecer, cortado por ela mesma. Pódese dicir que o elemento máis identificable cos hábitos femininos de por aquel entón era a raia longa pintada nos seus ollos (ao estilo de Liz Taylor cando fixo de Cleopatra) que daba unha grande forza á súa mirada.

Carmiña tamén sorprendía pola súa forma de desprazarse cando "tiña que baixar" a Pontevedra ou ir a Cerponzóns. Ela facíao sempre en bicicleta. O seu ciclo, de feito, era ben recoñecible por todos os veciños polo moito coidado que puña nel e pola súa decoración, con fitas de cores.

Foi unha muller que non encaixaba nos canons estéticos e de conduta do franquismo, e que por iso acabou preferindo a soidade ás compañías que non a comprendían ou que a incomodaban. Pasou os últimos anos na casa da súa curmá e do home desta, o xomalista Manuel Blanco Tobío, rodeada dos seus cans e gatos. Faleceu en 1992.

Personaxe singular, que de por si ben sería a protagonista dun libro completo e que foi incluída na exposición 'Do gris ao violeta' na Praza da Ferrería, podería chegar tamén a dar o seu nome a unha rúa, xa que forma parte da lista de mulleres proposta para denominar vías, espazos e edificios públicos que manexa o Concello de Pontevedra.

## Outras pioneiras

Na listaxe de mulleres mercedoras de recoñecemento e homenaxe (como Carmiña) tamén están a pedagoga Ernestina Otero Sestelo, a profesora e política Daría González, a pintora Mercedes Ruibal, a aviadora Elisa Patiño, a escritora María Vitoria Moreno, a decana das taxistas Dolores Trabado, a navegante Isabel Barreto,



Josefina con sombreiro

a artista Carme Babiano, a fotógrafa Cándida Otero, a escritora Aurora Vidal ou a actriz Josefina Blanco Tejerina, entre outras.

A día de hoxe xa se vén de tomar un nome, o de Josefina Amuti, para denominar un novo vial na cidade, o desdoblamento da Avenida de Vigo. A que era muller do alcalde da cidade Bibiano Fernández Osorio-Tafall tivo que sacar adiante unha familia que non puido volverse xuntar debido á represión franquista. A guerra fixo que o seu home marchara ao exilio en México e nunca regresase. Ela mesma pasou 18 meses encarcerada e tres anos en arresto domiciliario nun tempo no que tiña que conseguir criar soa a tres fillos de 6, 4 e 2 anos. Foi un exemplo, pois abriu as portas do panteón familiar para acubillar a dúcias de fusilados no tempo do medo.

Pero hai moitas máis mulleres. Mulleres que naceron e viviron nas parroquias veciñas a Lérez, que tamén teñen a súa historia. Aí están (de Xeve ambas as dúas) Mercedes Ruibal (artista e escritora) e a súa nai Yoya, que se descubriu como artista con setenta e cinco anos. Esta última pasara moito tempo vendo pintar á súa filla, aprendendo sen dicilo as técnicas do óleo e agochando os primeiros cadros que ela mesma creaba. Foi a propia Mercedes quen un día descubriu os cadros de Yoya e convocou a algúns amigos artistas e críticos para ensinalles unha obra que se ía mostrar por vez primeira en 1985 na sala de arte da Caixa de Afomos de Vigo, nunha



Regina Figueira

exposición na que Eduardo Blanco Amor sería o autor do texto do catálogo.

Tamén, e nun ámbito moi diferente, é de lembrar a «Regina do Batán». Foi pandeireteira, estraperlista, nai dentro e fóra do matrimonio, cocifeira, labrega, queixeira, menciñeira, compañeira... Naceu en 1908 nas Fontás, Santa María de Xeve, onde viviu a súa época "famista" acompañada dunha pandeireta e do verbo improvisado e retranqueiro que practicou durante toda a vida. Contan que aprendeu a tocar para facer máis "levadeiras" as viaxes de varios días xunto coa súa burra no tempo do estraperlo armando un carácter forte e decidido.

E así, a lista con nomes de mulleres segue e segue. Todas elas teñen a súa historia. Son historias de mulleres da clase traballadora que, desde o anonimato, o traballo sen dereitos e sen horarios, no silencio, contribuíron decisivamente á súa sociedade; mulleres familiares de homes comprometidos politicamente, mulleres que foron tamén elas protagonistas da loita política e sindical; mulleres asasinadas, torturadas, encarceradas, sometidas a persecución política, moral, económica e laboral; mulleres pioneiras do seu tempo que tiveron que demostrar a súa valía máis aló das súas parellas...

Todas elas merecen un recoñecemento como o que, por fin, se está a poñer sobre a mesa.

NOTA: Documentación e fotografías facilitadas polo Concello de Pontevedra